

## NOTA INFORMATIVA RELATIVA Á NOVA ESCALA DE RETENCIÓN PARA DETERMINAR O TIPO DE RETENCIÓN E INGRESO A CONTA A PRACTICAR SOBRE OS RENDEMENTOS DE TRABALLO ESTABLECIDA POLO REAL DECRETO-LEI 9/2015, DE 10 DE XULLO

O Real Decreto-Lei 9/2015, de 10 de xullo (BOE de 11 de xullo), de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras medidas de carácter económico, modifica a disposición adicional 31ª da Lei do IRPF establecendo unha nova escala de retención que estaba prevista aplicar a partir de xaneiro do 2016.

De acordo coas disposicións contidas en dito Real Decreto-Lei, a nova escala de retención se terá en conta para calcular o tipo de retención ou ingreso a conta aplicable aos rendementos do traballo que se satisfagan ou abonen a partir do **1 de agosto**. Para calcular o novo tipo de retención se terá en conta a nova escala e as retribucións obtidas dende xaneiro de 2015.

Pode obterse a través de internet mais información sobre o I.R.P.F. na dirección da Axencia Estatal de Administración Tributaria, <http://www.agenciatributaria.es>